



**A Asociación para o Progreso da Dirección (APD), en colaboración con R, pon en marcha un novo encontro APD Talks con expertos para falar sobre Intelixencia Artificial nas empresas**

## **IA para que os negocios medren e desenvolvan todo o seu potencial**

- ***O responsable comercial de Analítica e Intelixencia Artificial (IA) do operador galego R e o director de Produto e Desenvolvemento de Negocio da consultora tecnolóxica BAOBAB intervirán, ante un auditorio de directivos/as de empresas e profesionais de primeiro nivel, nunha xornada onde tamén participarán ABANCA e CONGALSA.***
- ***“As empresas que usan os seus datos e os analizan teñen unha vantaxe competitiva moi importante. A IA non é algo do futuro, senón de hoxe”, afirma Adrián Bertol, que está á fronte de BAI Analytics, a unidade de Intelixencia Artificial de R.***
- ***Revelaranse algunhas claves para deducir ata que punto a implantación da IA lles compensa ás empresas, se é fiable ou de que xeito as pode axudar a medrar; e reforzarse o contido da xornada con casos reais de aplicacións de Intelixencia Artificial en diferentes áreas de negocio.***
- ***A cita, mañá mércores, 1 de febreiro, no espazo de Light & Studio, coincidindo na Coruña cos últimos días da mostra “AI: More than Human”, que os/as asistentes poderán visitar con guía ao final da xornada.***

**Martes, 31 de xaneiro de 2023.-** “Como empregar a IA para o crecemento do teu negocio” é o título da xornada de charlas e coloquios, enmarcada nos encontros APD Talks da Asociación para o Progreso da Dirección, que se desenvolverá mañá mércores, de 16:00 a 18:10 h, no espazo de *Light & Studio* na Coruña (Praza de María Pita, 13, baixo esq.). A idea é profundar nas posibilidades que para a empresa de hoxe atesoura un tipo de intelixencia actualmente en boca de todos/as, vinculada por necesidade ás TIC e que marca e marcará unha nova era nun mundo cada vez máis dixitalizado: **a Intelixencia Artificial.**

Trátase de lle ofrecer ao auditorio -altos responsables de empresa e profesionais de primeira liña- claves aclaratorias de ata que punto as ferramentas de IA son importantes para que as empresas desenvolvan o seu potencial e poidan medrar e competir optimizando recursos. Falarase tamén dos riscos e a fiabilidade da IA aplicada a procesos da organización e reforzarse o contido da xornada con casos reais de uso de IA en diversas áreas de negocio.

## Charlas, mesa redonda e coloquio de grandes empresas con R e APD

Tras a apertura e introdución do evento por parte de Ana Sánchez, directora de APD Noroeste e de Alfredo Ramos, director de R, o responsable comercial de Analítica e IA do operador galego e da súa unidade operativa (BAI Analytics), Adrián Bertol, manterá con David Sánchez, responsable de Produto e Desenvolvemento de Negocio da consultora tecnolóxica BAOBAB, un coloquio titulado “Como a Intelixencia Artificial entende a linguaxe humana e lle pode axudar ao negocio”. En palabras de Bertol, *“as empresas que usan os seus datos e os analizan teñen unha vantaxe competitiva moi importante. A IA non é algo do futuro, senón de hoxe”*.

A tarde proseguirá coa mesa redonda “A intelixencia artificial nos negocios” onde tomarán parte tamén Roberto Baratta, director de Prevención de perda, Continuidade de negocio e Seguridade de ABANCA e a responsable de Tecnoloxías da Información (CIO) de conxelados CONGALSA, Noemí Gil. Na mesa pasarase das ideas á realidade para falar da IA na empresa con referencias inestimables de casos concretos de aplicacións das novas ferramentas, contados polos seus protagonistas. A xornada finalizará coas preguntas do auditorio, que poderá falar cos/coas relatores/as e resolver as súas dúbidas e inquietanzas arredor das aplicacións da IA na empresa ao fin dos relatos da tarde.

### Interpretando a linguaxe humana para “copiar” a súa intelixencia

O procesamento da linguaxe natural (PLN) é un tipo de intelixencia Artificial **que interpreta a linguaxe humana** escrita e oral para xerar solucións tecnolóxicas coas que as empresas optimicen os seus procesos, a organización do persoal ou as súas ferramentas de traballo e poidan, así, ofrecerlles aos seus clientes/as **experiencias personalizadas**. Este tipo de IA facilítalles aos humanos o entendemento cos seus conxéneres ao debullar as mensaxes clave de **grandes volumes de textos**, e mesmo posibilita a **interpretación de sentimentos** revelando a intencionalidade do emisor. Tamén descifra, dalgunha maneira, **conversas telefónicas ou videochamadas** e relaciónase coas persoas de maneira ‘intelixente’ para atender consultas e/ou derivar a axentes humanos no caso de que estes acheguen un valor diferencial.

*Chatbots*, (canles de *chat* para interactuar con clientes/as nas webs), atención telefónica, análise de sentimento en redes sociais, procesamento de textos legais, redacción de documentos realizada por máquinas ou robots... Estas son só algunhas das novas dimensións que nos abre a IA e que xa supoñen un desafío para reinterpretar algúns dos procesos máis cotiáns das empresas.

Nesta sesión de APD *Talks*, os/as voceiros/as responderán a estes temas e relatarán casos reais en áreas tan diversas como *retail*, atención ao cliente, enerxía, marketing... Sen dúbida, unha oportunidade para profundar na Intelixencia Artificial e familiarizarse de xeito progresivo con novas formas de facer na empresa que conforman o presente cada día máis dixitalizado en que vivimos.

### Visita guiada á mostra “AI: *More than Human*”

Na sede de Afundación (ABANCA) presentouse hai 5 meses a exposición “AI: *More than Human*”, un proxecto inmersivo e interactivo sobre Intelixencia Artificial que percorre polo miúdo os avances creativos e científicos desta nova área tecnolóxica. Aproveitando o momento e a inminente clausura da mostra, os/as participantes da xornada APD *Talks* de mañá poderán realizar unha visita guiada pola exposición e completar, así, a visión deste novo universo da IA, cheo de posibilidades para persoas e empresas.

<https://aimorethanhuman.afundacion.org/>

comunicación R  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)